2022430501

FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:	
Data:	**Nivel:** _ **CELGA 4 DLX** _ **CELGA 4 TDAH**

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:
DNI / NIE / Pasaporte:
Nacionalidade:
Data de nacemento: ___ / _____ / _____
Sexo: ☐ Home ☐ Muller
Lugar de nacemento: ☐ Galicia ☐ Outras comunidades de España ☐ Europa ☐ América ☐ África ☐ Asia ☐ Oceanía
Lugar de residencia: ☐ Cidade ☐ Vila ☐ Aldea
Tipo de estudos cursados: ☐ Universitarios ☐ Secundarios ☐ Primarios ☐ Sen estudos

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use cintas correctoras).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruiranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.

2022430501

Celga

Certificado Lingua Galega

4

XUNTA DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

C4-A-III-22-DLX

C4-A-III-22-TDAH

Celga
Certificado Lingua Galega

2022430501

Proba A1

Vostede mantén un blog no que adoita escribir sobre gastronomía e enoloxía. Despois de ver un programa na televisión sobre a viticultura na Ribeira Sacra, decide publicar **unha entrada**. Neste texto, de **400 palabras**, debe:

- Facer un percorrido pola historia do viño na Ribeira Sacra e describir as particularidades desta denominación de orixe.
- Explicar o concepto de «viticultura heroica».
- Comentar e valorar os inventos e o enxeño dos viticultores para facilitaren o seu traballo.
- Expresar a súa opinión sobre o viño como vehículo de cultura e amizade.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE

Celga
Certificado Lingua Galega

2022430501

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Celga
Certificado Lingua Galega

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Celga
Certificado Lingua Galega

2022430501

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Celga
Certificado Lingua Galega

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

2022430501

Proba A2

Unha amizade súa, apaixonada do cinema, ten que mercar un novo televisor porque o vello xa non lle funciona. Como sabe da súa afección pola tecnoloxía escríbelle pedindo consello. Despois de ler un artigo sobre o particular, decide contestarlle cun **correo electrónico**.
Neste texto, de **400 palabras**, debe:

- Salientar as diferenzas principais entre os novos televisores intelixentes e os antigos aparellos.
- Indicar como inflúen a resolución, o sistema operativo e os fotogramas por segundo (fps) á hora de usar a televisión.
- Recomendarlle o televisor que lle pareza máis axeitado para gozar do cine e xustificar a súa escolla.
- Adiantarlle o que, segundo a súa opinión, pode ser o futuro destes aparellos.

Intelixentes, conectadas e cunha calidade de imaxe indiscutible, as *smart* TV impuxéronse a outras tecnoloxías como o 3D. Porén, non sempre é sinxelo decidirse por unha

O mercado das *smart* TV, ou televisores intelixentes, é un dos que máis lanzamentos protagoniza cada ano e, quizais, dos máis complicados de entender. Cada tempada, as marcas renovan as súas gamas con novos modelos cheos de siglas e promesas que saturan o comprador. En ocasións, non interpretamos ben o que ofrece cada fabricante e cada dispositivo. Tratemos de aclaralo.

Unha *smart* TV identifica os televisores que contan con conexión a Internet e un sistema operativo que lles permite ofrecer servizos

a través de aplicacións como as das plataformas de *streaming*, xogos, navegación por Internet... Son líderes do mercado as surcoreanas Samsung e LG, a distancia de clásicos como as xaponesas Sony ou Panasonic e a holandesa Philips, todos enfocados en televisores de gran tamaño (por encima das 55 polgadas), que alcanzan resolucións 8K.

Pero este ano marcou a chegada dos grandes competidores asiáticos. Marcas como HiSense, TCL ou Xiaomi ofrecen unha proposta equilibrada en características, todas co 4K por bandeira, a maioría con Android TV e prezo atractivo.

• **Resolución 4K.** Este ano consolidarase como o estándar no mercado para case todas as gamas e tamaños, dado que a 8K ou SUHD aínda está relegada aos modelos máis altos e caros. O novo escenario verase potenciado tamén pola oferta cada vez máis ampla de contidos nesta calidade en plataformas de contidos coma Netflix, HBO ou Amazon Prime Video.

• **O HDR10+.** Outro termo co que familiarizarnos. O sistema *High Dynamic Range* («alto rango dinámico») proporciona imaxes máis brillantes, negros máis profundos e unha máis ampla gama de cores que a imaxe 4K.

• **O reto do son.** A carreira por facer televisores máis finos, a pesar da evolución de tecnoloxías de audio como Dolby Atmos, representa un reto para os fabricantes no relativo ao son, o seu gran talón de Aquiles. Co pouco espazo que hai nos televisores,

conseguir un audio de calidade sen recorrer a un sistema Home Cinema externo é cada vez máis difícil.

• **Sistema operativo.** Grandes fabricantes como LG e Samsung manteñen a súa aposta por sistemas operativos pechados ou exclusivos (WebOS e Tizen, respectivamente), pero a maioría de marcas confían en Android TV como o software para os seus televisores. Iso réstalles personalización aos seus modelos pero, a cambio, failles gañar en prestacións e versatilidade. Ademais, garante a presenza de Google Assistant para o control por voz e a conexión co resto de dispositivos compatibles, así como a integración de Chromecast para enviar calquera contido desde o móbil ou o PC por un sistema sen fíos ao televisor.

• **Novos formatos.** Pasou xa o tempo dos televisores curvos, totalmente esquecidos, ou da tecnoloxía 3D, que se foi para sempre ao cemiterio das modas pasaxeiras.

• **O tamaño.** A tendencia actual é ofrecernos pantallas máis grandes, a partir de 55 polgadas. En breve, chegarán as de 65. Por que? Pola progresiva redución dos marcos nas pantallas, que permite que o tamaño total do televisor se manteña, aínda que creza o número de polgadas.

Para obter a mellor experiencia **de cine (e series)** na casa, o panel non pode baixar dunha resolución 4K e con HDR10+. Tamén é recomendable optar por unha televisión con sistema operativo Android TV ou, na súa falta, por unha das principais marcas (LG ou Samsung) que, aínda que teñan un software propio,

dominan o mercado, o que nos asegura ter dispoñibles todas as aplicacións dos servizos de vídeo baixo demanda.

É importante coñecer e saber configurar nestes televisores o modo de suavizado ou cine. Cada fabricante chámalle dunha forma (Auto Motion Plus, TruMotion, MotionFlow etc.). O cine e as series están pensadas para verse a 24 fotogramas por segundo (fps), pero os novos televisores poden chegar a mostrar imaxes a 60 e algúns ata a 120 fps. Co fin de apreciar mellor a fotografía das películas, é necesario un televisor cunha capacidade especial para xestionar o contraste, a iluminación e as cores, en especial, os negros. A tecnoloxía OLED é a que mellor xestiona estes parámetros.

Se para o cine e as series hai que baixar o número de imaxes que aparecen por segundo, no caso de que queiramos gozar do espectáculo do **deporte** en pantalla case coma se estivésemos no estadio ou montados no monopraza de Fernando Alonso, ocorre todo o contrario. Ao deixar que a pantalla poida reproducir máis imaxes por segundo, obtéñense unhas cores máis vívidas e, sobre todo, un movemento moito máis suave e fluído. Resulta recomendable elixir un televisor 4K xa que, malia de momento non ser habitual que se realicen retransmisións con esta calidade de imaxe, chegará a curto prazo. Do mesmo xeito que co cine, a maioría dos televisores veñen xa preparados con opcións para aplicar unha serie de filtros e axustes centrados na mellora da experiencia deportiva.

Coma no cine ou nos deportes, os fabricantes xa pensaron tamén nos xogadores. A maioría dos televisores conta con modos e

sistemas para **videoxogos** que lles engaden un contraste especial ás imaxes, forzan a taxa de fotogramas por segundo ao máximo para lograr a maior fluidez e utilizan o HDR10+, sempre que o xogo veña preparado para iso. Neste caso, cada vez que conectemos a consola, o propio televisor debería ser capaz de autoconfigurarse nese modo.

Adaptado de *Consumer Eroski*

Celga
Certificado Lingua Galega

2022430501

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

Celga
Certificado Lingua Galega

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

Celga
Certificado Lingua Galega

2022430501

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

Celga
Certificado Lingua Galega

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

2022430501

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA

CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1: ☐

Número de palabras proba A2: ☐

Observacións:

2022430501

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA

CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1: ☐

Número de palabras proba A2: ☐

Observacións:

2022430501

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA

CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1: ☐

Número de palabras proba A2: ☐

Observacións: